



CONCELLO DE LOBIOS

MINUTA DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENARIO MUNICIPAL DO DÍA 23 DE FEBREIRO DO 2007.

SEÑORES ASISTENTES:

Alcalde-Presidente

D. Benito Vázquez Vázquez.

Concelleiros:

D. Enrique López Álvarez.
D. Celso Paz León.
D. Jesús Rodríguez Rodríguez.
D. Antonio Estevez González
D. Juan Carlos Pérez Paz.
D. Francisco Veloso González
D. Juan Manuel Ferreira Ferreira
D. José Álvarez Pereira
D. Antonio Pérez González.
D. Xesús Deibe Fernández Simo

Secretaria

D^a. María del Carmen Rodríguez Fernández.

No salón de Sesións da Casa do Concello de Lobios, sendo as 20,30 horas do día 23 de febreiro do 2007, reúnen, previamente convocados ó efecto, os señores á marxe relacionados, coa finalidade de celebrar Sesión Ordinaria do Plenario do Concello de Lobios. Estando presentes os 11 membros que de dereito e de feito integran a Corporación, o Sr. Presidente declara validamente constituído o Plenario, polo que seguidamente pasase a considerar e no seu caso votar os asuntos ou expedientes que integran a Orde do Día, tal como consta na convocatoria desta Sesión, que se celebra en primeira convocatoria en acto público.

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, das Actas das Sesións celebradas os días 29 de decembro do 2006 e 2 de febreiro do 2007.
2. Expediente nº 01/06 instruído por ocupación indebida en Precibe.
3. Recoñecemento de trienios a funcionario.
4. Mocións do grupo municipal B.N.G.
5. Decretos e resolucións da Alcaldía.
6. Rogos e preguntas.

Antes do inicio do debate dos diferentes puntos da Orde do Día, polo Sr. Alcalde – Presidente fáiselle saber ós Srs.. Concelleiros asistentes ó Pleno que polo que respecta ó terceiro dos puntos de que o mesmo consta relativos ó recoñecemento de trienios a funcionario, pola circunstancia de atoparse incompleta a documentación precisa para elo,



CONCELLO DE LOBIOS

procédese á súa retirada ata un novo Pleno a celebrar unha vez se complete a documentación precisa para o seu sometemento e aprobación polo Pleno sen que por parte dos Srs. Concelleiros se mostrase reparo ou discrepancias sobre a dita retirada do tema a tratar.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS CELEBRADAS OS DÍAS 29 DE DECEMBRO DO 2006 E 2 DE FEBREIRO DO 2007.

Téndose remitido ós Srs. Concelleiros con anterioridade á convocatoria desta Sesión unha copia da minuta das actas das Sesións celebradas por este Plenario os días 29 de decembro (Sesión Ordinaria) e 2 de febreiro (Sesión Extraordinaria), o Sr. Alcalde convida ós asistentes a que manifesten a súa conformidade, reparos ou observacións ós textos propostos, sen que se produzan reparos ou observacións, polo que o Sr. Alcalde seguidamente somete a votación as minutas das Actas das Sesións indicadas que resultan aprobadas polo voto favorable dos seis membros do Grupo Municipal do PP, votando en contra os catro Srs.. Concelleiros do Grupo Municipal do PSOE, absténdose o representando do Grupo Municipal do BNG. Polo tanto quedan aprobadas as Actas das Sesións indicadas conforme ós textos propostos, procedendo á súa transcripción ó Libro correspondente.

2.- EXPEDIENTE Nº 01/06 INSTRUÍDO POR OCUPACIÓN INDEBIDA EN PRENCIBE.

Polo Sr. Alcalde informase á Corporación do expediente instruído polo Concello en relación coa denuncia presentada por varios veciños de Prencibe sobre recoñecemento de titularidade do común de veciños de Prencibe ou do propio Concello dun terreo do que quere apropiarse o veciño D. José Fernández Paz, manifestando a súa desconformidade co fallo do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Ourense declarando a nulidade do acordo adoptado polo Alcalde con data 3 de agosto do ano 2005. O propio Alcalde, na súa condición de instructor do expediente informativo tramitado procede a dar lectura íntegra da súa resolución de 20 de decembro do 2006, e que se transcribe a continuación:

“Dadas por concluídas as distintas actuacións y, consecuentemente, pertinentes diligencias dimanantes de las mismas, se llega, tras un pormenorizado estudio y valoración de su contenido, a las siguientes,

CONCLUSIONES:

- a) *Reconocimiento mayoritario de las personas, vecinas de ese pueblo, que, voluntariamente, prestaron declaración respecto a los hechos origen del presente Expediente, afirmando que la titularidad del terreno cuya propiedad se atribuye el vecino de esa localidad de Prencibe-Lobios (Ourense) D. JOSÉ FERNÁNDEZ*



CONCELLO DE LOBIOS

PAZ, con la finalidad de llevar a cabo la construcción de un galpón, corresponde Ayuntamiento o, de no ser así, al común de vecinos del pueblo de Prencibe.

- b) *No aportación por parte del reseñado en el punto anterior, D. JOSÉ FERNÁNDEZ PAZ, de documento o prueba que justifique, a juicio del instructor, fehacientemente la propiedad, por su parte, de tales terrenos sobre los que pretende construir el antes dicho galpón de tal manera, que lo que en tal sentido exhibe y aporta, es una fotocopia de unas “partijas” de las fincas y casas recibidas en herencia en las que, en el apartado “casas” figura relacionada con el número 34 la correspondiente al lugar en cuyas inmediaciones pretende llevar a cabo la construcción del dicho galpón y que copiado en la parte que nos afecta, dice: “canastro de A Ladeira, o sea horreo (que ahora no existe) de dos cuarterones incluidos los resíos que lindan al Norte con Antonio Paz, Sur, Este y Oeste, camino”, documento este que el instructor considera no justifica suficientemente la titularidad, a su favor, de este terreno.*
- c) *Constancia clara y evidente, según se desprende de lo interesado por el instructor, con fecha 15 de Junio del presente año 2006 en escrito registrado con el de salida 688, de la Gerencia Territorial del Catastro, en Ourense, firmado por el Jefe de Servicio de Coordinación Procesos Catastrales el 25-09-06, D. Alberto Álvarez Somoza, y fotocopia de la foto del catastro antiguo en la que está situada dicha finca, polígono 37, parcela 191, de que el terreno en cuestión, corresponde, tal como afirman los vecinos de ese lugar de Prencibe, al camino que, antes de la construcción de la carretera OU-113 (Lobios-Cela), conocido por el nombre de “Ladeira” conducía a las fincas y montes hoy ubicados en la margen izquierda de esta vía provincial, a la cual hoy se accede a través de unas escaleras construidas en sentido ascendente a las que se llega desde la calle o vía principal del pueblo, a través, precisamente, del terreno por el que discurría el dicho camino.*
- d) *Por otra parte tal camino aparece recogido en el Inventario de Bienes Inmuebles-Vías Públicas, de este Ayuntamiento, dividido en dos Tramos, con la siguiente denominación, LADEIRA “A” y LADEIRA “B”; el primero con inicio en el “CAMINO DOS PILOS” y final en “CAMINO DE PRENCIBE” y el segundo con comienzo en carretera de “VILA” y terminación en montes y fincas próximas. A este respecto es de añadir el hecho de que, esta división, se llevó a cabo como consecuencia de la antes citada construcción de la ya reseñada carretera OU-113 (Lobios-Cela), debido, precisamente, a lo elevado del talud que para poder salvar la depresión del terreno en aquel lugar hubo que construir; de ahí el que, para facilitar el acceso a esta vía provincial por parte de las personas vecinas de esa localidad de Prencibe que tuvieren necesidad de trasladarse a pie hasta la misma o atender las fincas o propiedades que se ubiquen dentro del terreno o monte al que el mentado camino, en su tramo actual (“B”), da servicio, fueron también construidas, en cemento, unas escaleras a las que se llega a través del terreno por*



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

el que entonces discurría este vial o camino público, terreno este del que no existe constancia alguna en este Concello de su cesión o venta a cualquiera Entidad o particular.

- e) *Informe emitido por la Señora Secretaria-Interventora Accidental de este Ayuntamiento de Lobios, en el sentido de que “la Resolución deberá ser favorable a la declaración del bien como propiedad del Ayuntamiento”.*

Por todo ello es por lo que propongo al Pleno de este Ayuntamiento de Lobios, la adopción del siguiente,

ACUERDO:

Reconocer como de titularidad de este Ayuntamiento de Lobios el terreno objeto de polémica entre los vecinos de la dicha localidad de Prencibe y el que dice ser propietario de mismo, D. JOSÉ FERNÁNDEZ PAZ.

.- En Lobios, a 20 de Diciembre de 2006.- El Alcalde – Instructor D. Benito Vázquez Vázquez.- Firmado, rubricado y sellado con el del Ayuntamiento.”

Seguidamente toma a palabra o Voceiro do PSOE Sr. Veloso, manifestando que se faga un informe xurídico sobre o expediente e que se de máis información sobre o tema.

O Sr. Voceiro do BNG pide que por parte da Sra.. Secretaria se informe sobre que órgano municipal ten a competencia sobre o tema, si é a Xunta de Goberno ou o Pleno.

Polo Sr. Alcalde aclárase que a competencia corresponde ó Pleno ó tempo que xa existen no expediente informes do arquitecto e outro de tipo xurídico da Sra. Secretaria Interventora (folios 32-34 do expediente).

O Sr. Deibe manifesta que o seu Grupo non ten información suficiente sobre o tema anunciando a súa abstención, destacando que trátase dun acto administrativo e que el non ten coñecementos xurídicos sobre o tema polo que, para non prexudicar ás partes, vaise abster.

Sometida a votación a proposta de acordo que se contén na resolución do instructor que se deixa transcrita, resulta aprobada nos seus propios termos por seis votos a favor que se corresponden ós emitidos polo Sr. Alcalde, D. Enrique López Álvarez, D. Antonio Estevez González, D. Jesús Rodríguez Rodríguez, D. Celso Paz León y D. Antonio Pérez González, absténdose os outros cinco Concelleiros que son : D. Francisco Veloso, D. Juan Manuel



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

Ferreira Ferreira, D. José Álvarez Pereira, D. Jesús Deibe Fernández Simo e D. Juan Carlos Pérez Paz.

Os Srs.. Concelleiros que votaron a favor queren deixar constancia de que votan a favor en virtude do declarado polos veciños, conforme ás declaracións que constan no expediente e o resto da documentación que o integra. Esta mesma manifestación faina constar a Sra.. Secretaria en virtude dos argumentos que constan no seu informe.

Os veciños de Prencibe asistentes a esta Sesión solicitan da Alcaldía que quede constancia de que o que queren e que se coloquen unhas vallas para evitar calquera accidente da xente que discorra polo acceso pois trátase dun espacio que ten que quedar libre para o Concello.

Logo desta votación o Sr. Alcalde declara que o Pleno do Concello de Lobios co voto favorable de seis dos seus membros e a abstención de cinco deles, acordou “Recoñecer como de titularidade do Concello de Lobios o terreo obxecto de polémica entre os veciños da localidade de Prencibe e quen di ser o propietario do mesmo, D. José Fernández Paz.

3.- RECOÑECIMIENTO DE TRIENIOS A FUNCIONARIO.

Pola circunstancia ó principio exposta polo Sr. Alcalde – Presidente dispoñendo a súa retirada da Orde do Día debido a atoparse incompleta a documentación precisa para o recoñecemento de trienios a funcionario, non foi sometida a debate e votación, quedando pendente ata, unha vez se complete a documentación precisa para elo, para a súa inclusión na Orde do Día nunha nova Sesión Plenaria a celebrar por este Concello.

4.- MOCIÓNS DO GRUPO MUNICIPAL B.N.G.

A primeira das mocións presentadas fai referencia ós prexuízos económicos que poden supoñer para os veciños a imposibilidade de poder instalar muíños de vento para a xeración de enerxía por tratarse dun espacio incluído na Rede Natura e Parque Natural Baía Limia Serra do Xurés, polo que debería solicitarse a correspondente compensación económica da Consellería de Medio Ambiente.

O Sr. Veloso expón que o Sr. Concelleiro titular desta Consellería xa se está preocupando do tema , anunciando que o seu voto vai ser favorable, aínda que non lle parece adecuado que se utilicen este tipo de mocións para propaganda electoral.

O Sr. Alcalde expón que xa se falou co Sr. Conselleiro deste tema, pero que non vai resultar posible nunca a instalación de parques eólicos en Lobios, pero que o seu Grupo coincide no proposto na moción polo que anuncia o seu voto favorable.



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

Votan a favor da moción no senso exposto polo Sr. Fernández Simo os 11 Srs. Concelleiros presentes, debéndose de dar traslado deste acordo á Dirección Xeral da que depende a xestión dos Parques Naturais.

A seguinte das mocións presentadas polo Sr. Fernández Simo, fai referencia á reparación feita no camiño do Uzal en Grou pola brigada municipal, que quedou indebidamente feito, vulnerando expectativas iniciais dos veciños, solicitando que se vote a colocación de tubos para ocultar os regos polos que discorre a auga e posibilitar así a circulación, atendendo así as peticións dos veciños e que a obra se realice nun prazo non superior a un mes.

O Sr. Veloso di que seguimos en campaña electoral e que a brigada ten que deixar de ser caciquil e arranxar máis camiños no municipio, pero que goberna é o PP, e os Orzamentos non son para todos nós nin só para Grou.

Responde o Sr. Alcalde explicando que logo de visitar persoalmente ese lugar e a obra que nel estase a facer, entende que reúne unhas condicións axeitadas ás necesidades do camiño e que polo tanto o seu tránsito tanto peonil como de vehículos pódese facer en boas condicións. De tódolos xeitos, o vindeiro luns manifesta que irá a mirar o camiño, convidando ó Sr. Deibe a que o acompañe.

Sometida a votación a moción, votan en contra do proposto os seis Srs.. Concelleiros do Grupo Municipal do PP, votando a favor os outros 5 Srs. Concelleiros, polo que o proposto na moción queda rexeitado.

A seguinte moción refírese á situación polo que atravesa o pobo de Aceredo que ten sen legalizar as vivendas que o integran sen que esta situación sexa achacable ós propios veciños, tendo o Concello unha débeda con estes para a legalización destas vivendas, entendendo que a única forma de legalización sexa mediante unha modificación parcial do Plan de Ordenación Municipal, e no intre no que nos atopamos daría mais lexitimidade a unha modificación do Plan prantexada pola presente Corporación e ratificada pola elixida nas vindeiras eleccións municipais, engadindo que aínda que a moción é presentada en nome do BNG, tamén quer deixar constancia que a moción afecta a tódolos veciños de Aceredo e polo tanto trataríase dunha moción dos propios veciños.

O Sr. Veloso manifesta que este asunto requiriría a presenza dun asesor xurídico ou un Secretario de carreira para saber o que habería que modificar no Plan; tiña que haber unha cartografía sobre a mesa, considerando que este tema vai para largo tempo.

O Sr. Alcalde resposta ó Sr. Deibe, como proponente da moción, dicindo que o terreo é urbanizable a partir da aprobación no ano 2001 do Plan Xeral de Ordenación Municipal e que os veciños cando construíron sabían da situación legal dos terreos; el sempre estivo co pobo de Aceredo e que incluso fixo varios viaxes a Santiago para tratar de resolver este problema, algún deles acompañado do Sr. Arquitecto colaborador do Concello. As dúas fórmulas posibles son a expropiación, que resulta inviable desde un punto de vista económico xa que habería que expropiar terreos e construcións que hai sobre eles; e a



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

permuta, para ampliar así o terreo susceptible de urbanización, unha vez modificado o Plan Xeral.

Resposta o Sr. Deibe para dicir que o tema xa foi falado co Sr. Delegado de Vivenda e que a única solución e a modificación do Plan Xeral.

Replica o Sr. Veloso manifestando que como Voceiro dos veciños de Aceredo ten que dicir que o monte de Aceredo é de dominio público e a propia Corporación está co pobo, que ten o apoio do PSOE, téndose que comprometer o Sr. Alcalde a convocar un Pleno nun prazo de 15 días para tratar deste asunto unha vez que se teña o informe xurídico da Consellería e poder así iniciar a modificación do Plan.

Por unanimidade dos 11 Srs. Concelleiros presentes, acórdase, unha vez recibido o informe xurídico da Consellería, comezar os trámites para iniciar a modificación parcial do Plan Xeral para poder legalizar a situación urbanística do pobo de Aceredo Novo.

A seguinte moción fai referencia á utilización da Casa do Médico, que unha vez xubilado o titular que a ocupaba, quedou valeira e sen uso coñecido, proponendo que se restaure e axeite coa intención de crear varios espazos para uso social, que estes espazos se destinen mediante cesión de uso ás diferentes asociacións existentes no Concello, polo que pregunta si a titularidade desta casa corresponde ó Concello ou non.

O Sr. Veloso solicita informe xurídico sobre a titularidade deste edificio.

O Sr. Alcalde explica que a titularidade é do Concello pero que non quer que pase o mesmo que pasou cos edificios escolares, polo que antes de tomar unha decisión hai que saber si o uso é exclusivo para o médico ou non.

Á vista das manifestacións expostas queda pendente para a próxima Sesión a decisión sobre o proposto na moción.

A última das mocións presentadas polo Voceiro do BNG fai referencia á adquisición polo Concello da Casa da Escusalla proponendo que se abra expediente público de expropiación para facerse coa titularidade da mesma, pór tratarse dun ben non somentes cultural senón dun potencial turístico pola paisaxe do entorno que a converte nun referente comarcal.

O Sr. Veloso manifesta que antes de tratar este tema se informe pola Sra.. Secretaria de quen é a propiedade desta Casa da Escúsalla respostando a Sra.. Secretaria que supostamente é de varios propietarios, algúns deles descoñecidos, engadindo o sr. Veloso que con tan pouca información, o seu Grupo ten que votar en contra.

O Sr. Alcalde manifesta que o expediente vaise abrir sen prexuízo do que resulte, buscando o beneficio do propio Concello, non sendo a súa intención o causar prexuízo ós propios veciños.



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

Sometido a votación o contido da moción, resulta aprobada por sete votos a favor, tres votos en contra dos Srs.. Concelleiros do PSOE e a abstención do tamén Concelleiro do PSOE D. Antonio Pérez González.

5.- DECRETOS E RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

De conformidade co disposto no art.. 42 do R.O.F. o Sr. Alcalde dispón que por parte da Sra. Secretaria dese sucinta conta á Corporación dos seus Decretos e Resolucions dictados dende a última Sesión Ordinaria do Pleno, que neste caso foi a do 29 de Decembro pasado, facéndose entrega a cada un dos Srs.. Concelleiros da seguinte relación:

- Decreto 01/12/2006: Gastos Decembro 2006.
- Decreto 01/01/2007: Gastos Xaneiro 2007.
- Decreto 15/01/2007: Convocatoria Xunta de Goberno do 17/01/2007.
- Decreto 18/01/2007: Pago factura Espectáculo ALVAR.
- Decreto 22/01/2007: Nomeamento Administrativo-informático.
- Decreto 31/01/2007: Baixas por oficio no Padrón municipal.
- Decreto 31/01/2007: Convocatoria de Xunta de Goberno 02/02/2007
- Decreto 02/02/2007: Substitución secretario para Sesión plenaria extraordinaria 02/02/2007
- Decreto 02/02/2007: Subvención banda festa San Roque 2006.
- Decreto 05/02/2007: Gratificación David de José Fernández.
- Decreto 16/02/2007: Gastos premios Entroido 2007.
- Decreto 19/02/2007: Convocatoria Pleno ordinario 23/02/2007.

6.- ROGOS E PREGUNTAS.

Sr. Veloso González:

ROGOS:

1.- Despois de examinar a relación de Decretos e Resolucions da Alcaldía, existe un deles de data 31/01/2007, sobre baixas no Padrón de Habitantes, quere que conste na Acta que dende o 01/01/02 ata a actualidade o dito Padrón está alterado, pois aparecen empadroadas persoas que realmente non existen no municipio; que esto leva consigo un delito de falsidade en documento público. Polo tanto, que se revise o Padrón do CER e CERA e ¿porqué non hai Decretos de altas?

2.- O coche de Protección Civil non debía ser utilizado por o Sr. Alcalde para visitar os pobos, pois esto quere dicir que o utiliza para fins electorais. Isto que manifesta foille participado por un concelleiro anterior do PSOE que o viu.



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

3.-Cando se abre un expediente por unha denuncia non se debe culpar o PSOE, pois este partido non ten nada que ver coas denuncias que circulan polo pobo e se di.

Sr. Fernández Simo:

ROGOS:

- 1.-Remitir un informe dun técnico sobre uso lúdico da auga do Encoro de Lindoso.
- 2.- Boletín do Concello, tipo de publicacións e si só saen publicación do Equipo de Goberno.

PREGUNTAS.

- 1.- En qué estado se encontra a piscina exterior en Riocaldo tipo “Chavasqueira”?
- 2.- Cómo está o caso da madeira en Valoiro-Grou?
- 3.- Nas últimas contratacións si se cumpre a Ordenanza?
- 4.- Situación laboral do persoal.

Sr. Álvarez Pereira:

ROGO:

- 1.- Na pista de acceso de Silvares a Requeixo caiu un talud de terra que a fai intransitable.

Seguidamente, non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde levanta a Sesión sendo as 22 horas e 15 minutos, de todo o que eu, a Secretaria, certifico.